

## Á ATENCIÓN DO VALEDOR DO POBO

Eu, D. Manuel Nogueira Pérez con DNI 44470958K, maior de idade e con domicilio en Avda de Pontevedra, N° 3, piso 4º-A, CP 32500, O Carballiño (Ourense), con correo electrónico: [manuel.nogueira.perez@gmail.com](mailto:manuel.nogueira.perez@gmail.com) a efectos de notificación, actuando como consumidor e no meu propio nome en base a seguinte exposición de motivos:

Con data do 16 de novembro despois de máis de 7 meses de obras ábrese o Parque Infantil da Alameda do Carballiño, Ourense.

Debido a que os parques infantís son lugares destinados ao disfrute de nenos e nenas, é esencia que os fabricantes de os distintos aparatos de xogos cumpran unhas estritas medidas e respecten as normativas de seguridade de ditos parques. O obxectivo é garantir que dito lugar de xogo cumpra con tódolos requisitos para non poñer en perigo a integridade física dos nenos e nenas.


Pese a que no reino de España non existe un Real Decreto nin ningunha normativa vixente, en Galiza si temos un decreto propio para controlar a instalación e medidas de seguridade de estes parques basadas nas normativas UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177. Este é o Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, e o mesmo ben recollido no DOG 89, venres 9 de maio de 2003.

Pois ben, no artigo 3 punto 2 de dito decreto ben recollido que:

*“Las superficies previstas para el juego deberán estar debidamente acotadas de una forma segura y separadas del tráfico rodado, bien mediante un distanciamiento mínimo de 30 metros o bien a través de su separación por medios naturales o artificiales que protejan a los menores del peligro derivado de su acceso inmediato a la calzada.”*

Si miramos os planos de dita obra, os cales se poden consultar na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector Público co número de expediente 1164/2019, resulta que dende a rotonda ata a zona de xogos denominada zona 2, non existen eses 30 metros mínimos.





Pero claro está, que si non temos eses 30 metros, isto poderíamos solventalo mediante a colocación de medios naturais ou artificiais que protexan as nenas e nenos do perigo derivado de acceder á calzada.

Pois resulta que o valado que separa a zona 2 de xogos (onde está o castelo) non é totalmente pecho, como se pode comprobar nas seguintes fotos:




Ao meu parecer, aquí non se está a cumprir coa obriga de delimitar a zona de xogos para que a mesma sexa segura para as crianzas.

Pero non só atopamos certa carencia de medidas de seguridade no tocante a delimitar e protexer as zonas de xogos.

Tamén atopamos que un dos xogos pode presentar un potencial perigo á integridade física dos nenos e nenas que o usen. Falamos do revestimento metálico que cubre a cama elástica. Como podedes ver nas fotos presenta aristas metálicas que poden resultar perigosas.



Tamén se aprecia que o entramado metálico dos tobogáns do castelo poden resultar potencialmente perigosos e proclives a que nos mesmos se produzan esguices ou torceduras de membros.



Volvendo á normativa oficial, vemos como tampouco se cumpre co recollido no artigo 6 de o decreto 245/2003:

“ Señalización.

1. En los parques infantiles figurarán, de forma fácilmente legible, carteles que contengan, por los menos, las siguientes indicaciones:

- a) La situación del teléfono público más próximo.
- b) La localización del centro sanitario más próximo y la indicación del número de teléfono de las urgencias sanitarias, en caso de accidente.
- c) El número de teléfono del servicio encargado del mantenimiento y reparación de desperfectos del parque infantil.
- d) La prohibición de circulación de vehículos de motor, y la limitación de uso de

*bicicletas, patinetes y similares.*

*e) La prohibición de uso de los juegos a los mayores de edad.*


*f) La prohibición de acceso de animales a los parques infantiles.*

*g) La recomendación de uso de los juegos por tramos de edad.*

*h) La obligación de que los menores de tres años estén constantemente acompañados y supervisados por un adulto en el área de juego infantil.”*

Non puidemos atopar na visita da cal tomamos as fotos dito cartel.

Iso si, subsanousn este mes de xaneiro esta situación, coa colocación de un cartel que segue a non cumprir co que se marca en canto a sinalización.



Tampouco atopamos en distintos elementos de xogos o que marca a lexislación vixente no seu artigo número 8:

*“ Marcado.*

*Los equipos deberán marcarse de forma legible y permanente con la siguiente información, como mínimo:*

*-Nombre y dirección del fabricante representante autorizado.*

*-Referencia del equipo y año de fabricación.*

*-Marca de la línea de suelo.*

*-El número y la fecha de la norma de referencia.”*

Expostos os meus motivos de dúbidas con respecto a si o Parque Infantil da Alameda cumpre con todas as medidas en materia de seguridade, no seu momento **solicitamos que dende o grupo de goberno municipal se poñan as medidas de seguridade e de protección pertinentes para que dito parque infantil cumpra coas esixencias da lexislación vixente recollida nas normativas UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177 e no Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís**, polo ben e a seguridade das nosas nenos e nenas.

Petición que a día de hoxe segue sen atenderse (adxunto petición que se fixo con data de 18 de novembro de 2019 dende o Círculo de Podemos no Carballiño).

Varias son xa as reclamacións e incidencias que se teñen dado en dito parque, como ben recollen distintos medios de comunicación, da cal deixamos constancia en este enlace:

<http://copecarballino.es/denuncias>

En igual e incluso peor estado están outros parques infantís no Carballiño, como se pode apreciar nas imaxes, sen sinalizar, sen cumprir coas medidas pertinentes de seguridade e sen saber si os xoguetes e xogos se adaptan ás normas de seguridade vixentes.

Fotos do Parque infantil situado na Avenida de Compostela



Acceso directamente ao lado do tráfico rodado como pode apreciarse nas fotos



Fotos do Parque Infantil situado na Rúa Evaristo Vaamonde.



Estado da fonte de auga de dito parque



Estruturas metálicas sen recubrir

No exercicio dos meus dereitos como consumidor, ao amparo do artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, e do artigo 110 bis do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, comparezo e interpoño reclamación formal ante este órgano, e na súa virtude SOLICITO:

1. Se proceda a solicitar ao Concello de O Carballiño os expedientes e proxectos de obra de ditos parques infantís para auditar os mesmos e saber si cumpren coa normativa vixente en medidas de seguridade;
2. Se lle pida ao Concello de O Carballiño de ser o caso, cumpra coas medidas de seguridade pertinentes en ditos parques infantís e faga as cometidas precisas en ditos parques para que non presenten ningún potencial perigo para as nenas e nenos;
3. Este organismo tome as medidas sancionadoras e disciplinarias precisas ou dea traslado de esta situación ás administracións competentes para que se tomen ditas medidas en contra do Concello de O Carballiño e do seu grupo de goberno, pois estase pondo en perigo a integridade física e en risco á vida das nenas e nenos que disfrutan de estes parques infantís.

Esperando que esta solicitude sexa atendida e resolta, dou traslado da miña total consideración.

En Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro de 2019

Manuel Nogueira Pérez